

Documento distribuído por



# O Arquivo de Galicia e o sistema de arquivos da Comunidade Autónoma

Gabriel Quiroga Barro

**Data de publicación: 27/10/2011**



**Comisión de Igualdade**

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)

Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / [xenero@consellodacultura.org](mailto:xenero@consellodacultura.org)

## O ARQUIVO DE GALICIA E O SISTEMA DE ARQUIVOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Gabriel Quiroga Barro

*Arquivo de Galicia*

### **Olga Gallego e o contexto de creación do Arquivo de Galicia**

Agradezo ao Consello da Cultura Galega e á súa Comisión da Igualdade a oportunidade que me ofrece de participar nesta xornada de homenaxe a Olga Gallego Domínguez e de difundir a existencia, funcións e liñas de actuación do arquivo no que teño a honra de traballar na actualidade: o Arquivo de Galicia.

Olga Gallego foi, como se porá de manifesto nesta Xornada porán de manifesto, mestra de arquivistas e arquivistas en Galicia e fóra dela. Humildemente, considérome un dos seus discípulos. Non vou falar desta experiencia. Só evocarei aquí o apoio e o trato deferente e cálido que dela recibín – como recibiron tantas outras persoas - no Arquivo Histórico Provincial de Ourense, primeiro como investigador e logo como opositor e aspirante a unha praza de arquivista. Lembro tamén aquel arquivo, as mañás soleadas e tranquilas da vella cidade do Miño e o son incesante dunha máquina de escribir que se percibía no despacho de dirección. Naquela placidez, a actividade constante de Olga, a súa enerxía, emerxían cada xornada como a luz que lentamente penetraba, e vencía, a mesta brétema de Auria.

Que ten que ver Olga Gallego co Arquivo de Galicia? Moito, certamente. Con Pedro López e outros e outras arquivistas de Galicia, Olga sentou, desde os primeiros e temperáns tempos da transición democrática, antes incluso de que existise a Preautonomía de Galicia, as bases conceptuais e teóricas do Sistema de Arquivos de Galicia, no que o Arquivo de Galicia xoga agora un papel esencial. Lembremos, por exemplo, títulos como *Bases para unha organización autonómica dos arquivos de Galicia*, do ano 1977; *Arquivos, autonomía e dereitos cidadáns*, de 1978; ou *Arquivo Xeral da Administración de Galicia. Proposta para a súa creación no contexto do sistema de arquivos da Comunidade Autónoma de Galicia*, de 1990.

Entonces, como agora, a creación dun centro que culminase a organización arquivística da Comunidade Autónoma e recibise a documentación producida polas institucións do

autogoberno, e nomeadamente da Xunta de Galicia, xa constituía un obxectivo fundamental e irrenunciábel.

Agora como entón, a creación e consolidación dun arquivo para Galicia ten que ver con tres fins principais: a mellora da xestión da Administración, a custodia e conservación do patrimonio documental produto da actividade da Xunta de Galicia, e a consolidación dun sistema de información que fíxese posible o acceso da cidadanía aos documentos, á información que conteñen e á cultura e favorecese un verdadeiro control democrático da actividade dos organismos públicos.

Neste relatorio tratarei de desenvolver estes aspectos e formular algunhas vellas cuestións que seguen a estar presentes. Cuestións que teñen que ver co propio concepto e utilidade do patrimonio documental. A primeira: como facer efectivo o proceso de apropiación<sup>1</sup> dese patrimonio por parte da cidadanía? A segunda, que é unha condición necesaria para o desenvolvemento da primeira: como favorecer que a propia Administración de Galicia se constituía en *comunidade de memoria*<sup>2</sup> desde a *comunidade legal* que xa é? Velaquí resumidas nestas preguntas os principais problemas aos que nos enfrontamos. Como profesionais, como funcionariado que traballa nunha Comunidade Autónoma, temos a conciencia do valor dese patrimonio. Sabemos o que representa ou o que pode chegar a representar como factor esencial de memoria e de identidade. Somos quen de trazar a liña que establece o vínculo entre ese patrimonio e os vellos documentos custodiados noutros arquivos de Galicia. Pero seguimos sen ter claro se esa conciencia se acha presente tamén no propio seo da Administración que xera ese patrimonio ou entre a cidadanía de Galicia, teórica beneficiaria dos nosos esforzos.

### **O Arquivo de Galicia: creación, obxectivos e funcións**

O Arquivo de Galicia foi creado oficialmente polo Decreto 207/2010 de 10 de decembro de 2010 (DOG nº 246, de 24 de decembro), se ben foi no ano 2008, cando en realidade comezou a súa andadura coa modificación da estrutura orgánica da entón Consellería de Cultura e Deporte polo Decreto 17/2008, de 7 de febreiro (DOG nº 35, del 19 de febreiro), que creaba a Subdirección Xeral do Arquivo Nacional de Galicia.

---

<sup>1</sup>.- Jean Leniaud ten reflexionado sobre o proceso de apropiación colectiva dos bens da Coroa e da Igrexa durante a Revolución francesa. A esta apropiación revolucionaria seguiu un proceso de nacionalización mediante o cal *o Estado arrógase o dereito exclusivo de constituír a memoria unitaria da nación*. Así, a Revolución afirma o principio da apropiación colectiva pero fai isto inseríndoo nun dispositivo novo que retira das mans do pobo o que este se apropiara para confíalo ao aparello do Estado. Véxase LENIAUD, Jean-Michel. *Les archipels du passé: Le patrimoine et son histoire*. S.l.: Fayard, cop. 2002, p. 88 e 106-107. Hoxe, o problema para as institucións culturais é como realizar, sequera virtualmente, o camiño inverso.

<sup>2</sup>.- *Comunidades de memoria que derivan a súa identidade da memoria histórica e procuran a súa transmisión*. Véxase: KETELAAR, Eric. *Muniments and Monuments: the dawn of archives as cultural patrimony*. *Archival Science* (2007) 7, pp. 347-348. A frase é unha cita que este autor fai doutro: K. Lambrecht.

Na actualidade, o Arquivo está adscrito á *Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia*.

O Arquivo de Galicia ten a súa sede na *Cidade da Cultura de Galicia*, no monte Gaiás, en Santiago de Compostela. O seu fin principal é o de ser cabeceira e centro de referencia do Sistema de Arquivos de Galicia. Por tanto, as súas funcións son recibir, custodiar, comunicar e difundir os documentos producidos polos diferentes órganos e entidades de ámbito autonómico (superior, por tanto a unha provincia) dependentes da Xunta de Galicia, e por calquera organismo, institución ou entidade de ámbito galego, de carácter privado o público, que teña especial relevancia para Galicia con independencia da súa antigüidade.

Así, o *Arquivo de Galicia*, con carácter intermedio e histórico, culminará a organización do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia. Ademais, está chamado a recibir, por transferencia, doazón, legado, depósito ou compra, outros fondos, de orixe pública ou privada, de institucións, entidades, empresas, familias ou persoas galegas que teñan especial relevancia e transcendencia polo seu valor cultural para Galicia. Será ademais obriga do Arquivo proporcionar o tratamento técnico necesario a estes fondos documentais, facelos accesibles á cidadanía e difundir a súa existencia por todos os medios ao seu alcance.

Na súa función de centro de referencia de todo o Sistema de Arquivos de Galicia, o Arquivo de Galicia debe desempeñar un papel de liderado para todos os arquivos e centros do sistema. De dúas formas: Por unha banda, mediante a promoción de iniciativas para desenvolver normas técnicas en todos os ámbitos da xestión documental (ingresos, identificación, avaliación e selección; conservación e descrición) ou do acceso aos arquivos e o servizo dos documentos. Isto incluírá o desenvolvemento de proxectos globais de tratamento do patrimonio documental de Galicia, como poden ser programas de dixitalización de fondos e creación de repositorios dixitais e a conexión con outros proxectos de arquivos/bibliotecas dixitais de ámbito estatal ou internacional. Por outra, co desenvolvemento de proxectos de traballo no seo do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia que poidan constituír modelos efectivos para o tratamento técnico (identificación e avaliación e descrición, fundamentalmente) nos arquivos centrais/territoriais e históricos provinciais dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma ou doutros sistemas de arquivos integrados no Sistema de Arquivos de Galicia.

O Arquivo de Galicia aspira tamén a colaborar de forma activa no desenvolvemento das iniciativas que a Xunta de Galicia tome en materia de administración electrónica.

Tan amplas competencias e tan ambicioso proxecto esixen rigor na planificación estratéxica do centro e esforzo e paciencia no desenvolvemento dos programas e accións necesarias a medio e longo prazo. Sabemos ben o que aspiramos a conseguir, pero somos conscientes da dificultade que supón crear un centro destas características desde a nada.

O *Plan director do Arquivo de Galicia*, redactado ao longo da segunda metade do ano 2008 e nos primeiros meses do 2009, é o documento que diseña unha primeira aproximación estratéxica para o desenvolvemento futuro do centro. Nel se recollen, en primeiro lugar, a misión, visión e funcións do Arquivo, e, desde a análise das súas fortalezas e debilidades, das súas oportunidades e ameazas, se debuxan os seus

obxectivos estratéxicos a medio e curto prazo e se detallan diferentes liñas de acción para levalos á práctica.

Nos outros dous capítulos que o integran, este documentos analiza as necesidades de persoal que implicará o desenvolvemento integral das súas función e o edificio que é a súa sede actual.

Do diagnóstico efectuado no plan director, podemos destacar tres circunstancias, que poden ser descritas como debilidades e ameazas, que inciden de forma notable no desenvolvemento inicial do noso traballo. As dúas primeiras son o reducido cadro de persoal inicial e a feble articulación do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia no nivel central. A terceira, e quizá máis importante por canto se refire á percepción social da necesidade ou non do Arquivo, é a da invisibilidade. Algo, por outra banda, común a todo o patrimonio documental

Respecto ao cadro de persoal, a dotación inicial (10 persoas, 5 das cales son profesionais de arquivos) mellorou coa incorporación de catro persoas (das que dous son profesionais de arquivos) do Arquivo Xeral da Administración de Galicia, integrado agora no de Galicia, e a modificación da Relación de Postos de Traballo durante o ano 2010 para incluír 4 prazas máis, 3 delas de profesionais de arquivos. En total, pois, 17 persoas, das que 10 son técnicas superiores ou de grao medio da arquivística.

Identificadas as debilidades e as ameazas, as primeiras liñas de traballo desenvolvidas desde a posta en funcionamento do Arquivo no mes de maio de 2009 foron as de gañar contido e visibilidade no menor tempo posible.

Gañar contido significa comezar a recibir fondos e iniciar o seu tratamento técnico sen demora. Desde febreiro do ano 2009, unha vez instalado o persoal traballador no edificio do Gaiás, comezou o Arquivo recibir transferencias documentais procedentes do depósito intermedio, antes denominado *Arquivo Xeral da Xunta de Galicia*, situado no santiagués Polígono do Tambre. Trátase dos fondos producidos pola Xunta de Galicia ou por algúns outros dos que herdou competencias, ou que simplemente desapareceron, e dos que se presume un valor histórico que implique a súa conservación permanente. Nas sete remesas documentais producidas ata o momento, ingresaron no Gaiás un total de 4.087 unidades de instalación, uns 450 metros de andeis, con datas extremas entre 1895 e 2000. Sumando o depósito do Tambre ao do Gaiás, contabilízanse na actualidade 72.114 unidades de instalación ou 7.934 metros de andeis, con datas comprendidas entre 1843 e 2008. Toda esta documentación áchase descrita en bases de datos con diverso nivel de detalles e dispoñible para a súa consulta de acordo coas normas legais vixentes.

Pero o traballo que queda por diante é inmenso: un estudo que abordou a Subdirección Xeral de Arquivos durante o ano 2010 mediante a contratación dunha empresa especializada concluíu que o volume total de documentos que custodian hoxe os órganos centrais da Xunta de Galicia en diferentes locais, incluído o Arquivo de Galicia, espallados pola cidade de Santiago e concellos limítrofes pódese cifrar nuns 60.000 metros de andeis. A maior parte deste enorme conxunto áchase deficientemente controlado e carécese de persoal especializado para o seu manexo e xestión.

Gañar visibilidade quere dicir dar a coñecer o Arquivo e os servizos que ofrece en todos os ámbitos, e antes que nada no propio medio produtor de documentos. Por iso, o traballo técnico desenvolvido durante o primeiro ano de funcionamento do Arquivo

centrouse na definición e execución da primeira fase do proxecto de organización e descrición do fondo documental da Xunta de Galicia. O obxectivo que se perseguíu foi aproveitar o traballo de identificación e descrición desenvolvido en anos anteriores polo Arquivo Xeral, afondando no estudo institucional e funcional da Xunta, para poder facer visible na rede en pouco tempo a información descritiva do Arquivo, e iniciar de forma paralela a elaboración dun sistema integral de xestión documental para toda a Xunta de Galicia. O resultado foi a publicación no ano 2010 do libro *Estudo orgánico e funcional da Xunta de Galicia. Proposta de cadro de clasificación do fondo documental* e a creación dunha base de datos asociada para a descrición de autoridades (órganos produtores de documentos), funcións e normas lexislativas.

Con este mesmo obxectivo de dar visibilidade ao Arquivo, a finais de 2010 tivo lugar o seminario internacional *O futuro da memoria: o patrimonio arquivístico dixital*, que reuniu a un elenco de primeiro nivel de profesionais de arquivos e profesorado de Arquivística de España e do resto do mundo co obxectivo de debater sobre os temas asociados á conservación da memoria dixital arquivística. As actas, financiadas pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia, co-organizadora do evento, veñen de ser publicadas en setembro deste ano 2011.

## **O Arquivo de Galicia e o patrimonio documental de Galicia**

A cuestión do patrimonio documental áchase estreitamente ligada, como sinalabamos ao principio, á creación e posta en funcionamento do Arquivo de Galicia. Moita da confusión que existe entre a cidadanía, entre os medios de comunicación e incluso na propia Administración de Galicia en relación co Arquivo ten que ver co escaso coñecemento e visibilidade do patrimonio documental. A continuación tratarei de ofrecer cal é a miña visión do problema. Por unha banda, tratarei de aclarar o concepto de patrimonio documental e os caracteres que presenta; por outra, razoarei sobre o papel que debe xogar o Arquivo de Galicia en relación con el.

De forma resumida, pódese dicir que por patrimonio documental entende a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, como antes a Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, todos os documentos producidos ou recibidos por organismos públicos e os órganos deles dependentes no desenvolvemento das funcións e actividades que lle son propias desde o mesmo momento da súa produción; os documentos producidos e recibidos no exercicio das súas actividades polas entidades e asociacións de carácter político, sindical ou relixioso, e polas entidades, fundacións e asociacións culturais e educativas de carácter privado que teñan máis de 40 anos. Integran tamén este patrimonio os documentos cunha antigüidade superior aos cen anos xerados, conservados ou reunidos por calquera outra entidade ou persoa física. Comprende, por tanto, o patrimonio documental de Galicia:

- Os documentos propios das institucións do autogoberno de Galicia.
- Os documentos integrados nos arquivos estatais xestionados pola Comunidade Autónoma.
- Os restantes documentos producidos e reunidos por organismos públicos en Galicia.

- Os documentos de institucións, entidades e fundacións de carácter político, sindical, relixioso, cultural e educativo de máis de 40 anos.
- Os documentos de máis de 100 anos xerados, conservados ou reunidos por calquera outra entidade ou persoa física.
- Os documentos reunidos ou non en arquivos situados hoxe fóra de Galicia producidos por persoas e institucións galegas ao longo do tempo.

A noción de patrimonio documental posúe unha estreitísima relación co concepto de arquivo, que é o conxunto natural de documentos producidos e recibidos por un organismo, entidade ou persoa física no desenvolvemento das súas funcións e actividades.

As consecuencias máis importantes que se derivan destas definicións, sobre as que afondaremos axiña, son: o carácter eminentemente orgánico e seriado deste patrimonio e a ampliación da competencia da Administración encargada da súa tutela e xestión a todos os documentos que producen ou van producir os órganos e institucións públicos.

No primeiro caso, é de salientar a relevancia do contexto documental: con independencia da existencia doutros moitos contextos, un documento illado só será intelixible no seo do conxunto doutros semellantes producidos e recibidos como consecuencia das actividades propias dun *suxeito produtor*. Por esa mesma razón, no caso de persoas físicas, e nomeadamente no caso de escritoras e escritores, profesionais ou persoal investigador, o conxunto das súas obras manuscritas formará, xunto con outros testemuños da súa actividade intelectual, profesional, científica ou artística, o seu arquivo e, con independencia do centro ou institución cultural onde se poidan custodiar no futuro, o seu tratamento técnico debería respectar os principios e técnicas da Arquivística que tenden a considerar cada documento individual como unha parte inseparable dun conxunto máis amplo. Xa que logo, é posible afirmar tamén que todo documento susceptible de ser identificado e tratado con metodoloxía arquivística formará parte do patrimonio documental.

No segundo caso, existe un problema real de xestión que atinxe á propia configuración e articulación do Sistema de Arquivos en relación coa administración e coordinación do Sistema e a posibilidade de intervir sobre o destino final dos documentos que producen os diferentes órganos da Administración da Xunta de Galicia ou, máis amplamente, as diferentes administracións galegas. Este mesmo problema pode presentar outras moitas facetas cando nos enfrontamos ao control dos documentos electrónicos, o produto da actividade da denominada e-Administración, de acordo co que estableceu a Lei 11/2007, de 22 de xuño, do acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos.

Así pois, O patrimonio documental presenta unhas características que lle proporcionan singularidade en relación ao conxunto do patrimonio cultural. Podemos tratar de concretalas nos seguintes puntos:

1. Organicidade: ligado á súa orixe.

2. Invisibilidade: está oculto.
3. Cantidade: é masivo.
4. Extensión temporal: da Alta Idade Media (en Galicia) ata a actualidade.
5. Dispersión/concentración espacial.
6. Propiedade diversa e acceso limitado

### Organicidade.

A existencia de documentos ten que ver coa necesidade de rexistrar, de crear memoria de actos de carácter xurídico ou administrativo desenvolvidos por institucións ou persoas, nun momento de tránsito dende unha cultura oral a unha incipiente cultura escrita. Os arquivos nacen así como acumulacións naturais de testemuños ou probas (documentos) de actos considerados transcendentales dende o punto de vista xurídico ou económico.

A estreita relación que une o documento coa persoa ou institución que o produciu é o fundamento da súa autenticidade. Isto implica que existirá tamén un vínculo entre o documento e a estrutura da organización á que estea ligado pola súa orixe.

Pero os documentos non se producen de forma illada. Os actos xurídicos e administrativos repetidos no tempo dan lugar á aparición de series documentais. Na natureza seriada e estruturada dos documentos que unha institución ou persoa produce de forma natural no desenvolvemento das súas actividades radica a esencia de todo arquivo.

### Invisibilidade

Esta característica deriva da propia natureza e orixe do patrimonio documental. O arquivo era o tesouro que non debía ser amosado. Os documentos debíanse gardar celosamente de persoas alleas para poder facer valer o seu valor de proba dun dereito favorable no momento oportuno. Pola mesma razón, no caso contrario, tampouco non deberían ser coñecidos por quen podía ter intereses incompatibles coa institución posuidora do arquivo <sup>3</sup>.

---

<sup>3</sup>.- KETELAAR, Eric. Muniments and Monuments: the dawn of archives as cultural patrimony. *Archival Science* (2007) 7: p. 347: *No século XVII, en Holanda, Francia ou Inglaterra, o acceso con fins de investigación aos arquivos estaba prohibido salvo para determinados historiadores que gozaban de permiso especial. Pero a preocupación non era a conservación dos documentos senón o seu secreto.* Tamén en Galicia atopamos estes mesmos comportamentos: no *Tumbo nuevo* (1648) do mosteiro ourensán de Montederramo anotou o arquivado unha advertencia sobre o perigo de que este tipo de rexistros se exhibisen á malsana curiosidade de persoas alleas ao Mosteiro: (...) *quedando expuesto el Monasterio, con semejante resumen y noticia, (...) cualquiera supiera todos sus papeles y derechos, buenos y débiles.* Véxase: Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Mosteiro de Montederramo, Libro 409, f. 8v.



En xeral, os documentos de arquivo, e salvo notables excepcións, non posúen valor artístico de seu. Por iso, precisan un plus de “antigüidade” para competir con outros bens culturais no imaxinario colectivo. Por razóns evidentes, é difícil que ese valor de antigüidade, que constitúe o primeiro nivel de apreciación colectiva do patrimonio, inferior ao valor histórico (apreciado por especialistas), na clásica clasificación de Alois Riegl sobre os valores dos monumentos<sup>4</sup>, poida ser percibido non só pola cidadanía en xeral senón por quen ten contacto cos documentos *desde o mesmo momento da súa produción*, como din as normas legais citadas. Incluso moitas persoas entre as que investigan o pasado, como sucede tamén con algúns historiadores e historiadoras da arte con respecto as obras contemporáneas, son incapaces de apreciar na mesma medida un documento de agora mesmo que un documento que acumule sobre el o pouso da historia, aínda que ese pouso ou po se acumule sobre calquera testemuño insubstancial.

### Volume masivo

Ademais de invisible, o patrimonio documental é masivo. Os documentos son produto de sociedades sustentadas en boa medida sobre o valor do escrito<sup>5</sup>. Sociedades onde as administracións públicas se desenvolveron de forma crecente desde principios da Idade Moderna, asumindo cada vez un maior número de competencias en todos os ámbitos das relacións das e dos individuos e dando lugar a un enorme desenvolvemento das actividades públicas<sup>6</sup>.

Algunhas cifras poden ilustrar esta realidade: F.López Alsina recontou máis de 20.000 documentos producidos polas 29 institucións da cidade de Santiago de Compostela ate o ano 1500<sup>7</sup>. O fondo documental da Real Audiencia de Galicia, conservado no Arquivo

---

<sup>4</sup> .- RIEGL, Alois. *El culto moderno de los monumentos, su carácter y sus orígenes*. Sevilla: Junta de Andalucía, Consejería de Cultura, 2007, p. 62: *este valor do antigo reside maniféstase inmediatamente ao que o contempla por medio da percepción sensorial máis superficial (...) e por tanto pode falar de modo directo ao sentimento*. Fronte a el, o valor histórico descansa sobre unha base científica e só pode ser apreciado por medio da reflexión intelectual: op. Cit., p. 65.

<sup>5</sup> Claro que cómpre facer moitos matices a esta afirmación, tal e como nos lembra Fernando BOUZA. *Del escribano a la biblioteca. La civilización escrita europea en la alta Edad Moderna (siglos XV-XVII)*. Madrid: Síntesis, 1992, p. 31.

<sup>6</sup> .- Un dos elementos ou funcións que caracterizan, na clásica análise de Max Weber, a “dominación burocrática” na administración moderna é a produción e conservación de documentos. Conf. WEBER, Max. *Economía y sociedad. Esbozo de sociología comprensiva*. México: Fondo de Cultura Económica, 1977, p. 717.

<sup>7</sup> .- LÓPEZ ALSINA, Fernando. *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*. Santiago de Compostela: Ayuntamiento, Centro de Estudios Jacobeos, Museo Nacional de las Peregrinaciones, 1988, p. 23

do Reino de Galicia (A Coruña) ocupa uns 5.400 m. de andeis e reúne máis de 37.233 unidades de instalación entre os séculos XVI e XIX<sup>8</sup>. A produción documental da Xunta de Galicia dende o ano 1982 pode ser calculada, como dicía máis arriba, en máis de 60.000 m. de andeis.

O problema principal do patrimonio documental radica, pois, nestas enormes acumulacións producidas pola continua actividade das administracións públicas. Por iso, non todo o patrimonio documental debe ser conservado. Existe unha necesidade obxectiva de avalialo e seleccionalo para conservar só aquilo que teña valor permanente<sup>9</sup>, eliminando así a redundancia informativa e facilitando o funcionamento de administracións transparentes e por iso capaces de render conta dos seus actos aos cidadáns.

### Extensión temporal

De forma coherente coa definición extensiva do moderno concepto de patrimonio cultural, calquera documento de orixe pública é considerado polas normas vixentes patrimonio documental desde o mesmo momento da súa creación<sup>10</sup>. Isto significa que nos arquivos públicos poderemos atopar documentos non só de gran antigüidade<sup>11</sup> senón tamén de plena actualidade. Uns e outros precisarán da aplicación de diferentes técnicas e requisitos para interpretar ou representar o seu contido ou para conservalos adecuadamente de acordo coa natureza do soporte (pergamiño, papel) ou do medio (convencional ou electrónico) en que se transmita a información que reúnen, pero duns mesmos principios arquivísticos<sup>12</sup>.

---

<sup>8</sup>.- *Real Audiencia de Galicia. Catálogo de preitos e expedientes de mosteiros*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2007, p. 31

<sup>9</sup>.- Di Eric Ketelaar: *Despois dalgún tempo, este propósito primeiro [o que se acha ligado á creación mesma do documento] xa non é relevante, e os documentos poden ser destruídos. No entanto, algúns documentos poden adquirir unha nova función, a función cultural, como fonte histórica. Os documentos – algúns documentos – transfórmanse de proba en memoria (...). Os documentos devesen monumentalizados ou musealizados, transfórmanse en patrimonio cultural*: KETELAAR, Eric, op. cit. *Monuments and...*, op.cit., p. 343.

<sup>10</sup>.- *Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español*, artigo 49.

<sup>11</sup>.- Os documentos galegos orixinais máis antigos son do século IX. Véxase: SÁEZ, Carlos; GONZÁLEZ DE LA PEÑA, M<sup>a</sup> del Val. *La Coruña. Fondo antiguo (788-1065).1*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá, Servicio de Publicaciones, 2003, pp. 50 e ss.

<sup>12</sup>- David Bearman é un dos autores contemporáneos que mellor souberon analizar os cambios que está a supoñer a denominada e-Administración na produción de documentos nas modernas administracións públicas e as consecuencias arquivísticas que isto presenta. Véxase, por exemplo, entre outros moitos traballos: BEARMAN, David. *Diplomatics, Weberian Burocracy and the Management of Electronic Records in Europe and America*. *Archives & Social Studies: A Journal of Interdisciplinary Research*, Vol. 2, n<sup>o</sup> 1 (March 2008), pp. 13-39.

### Dispersión/concentración espacial

Algúns procesos históricos provocaron a ruptura do nexo que unía as institucións cos seus arquivos. Un deles foi a reorganización dos mosteiros bieitos e cistercienses de Castela e Galicia dende fins do século XV, froito das reformas impulsadas polos Reis Católicos, que provocaron a desaparición ou a conversión en priorados de moitos pequenos cenobios e a concentración da súa documentación nos arquivos doutros máis grandes<sup>13</sup>.

A exclaustación de mosteiros e conventos de centenaria implantación, iniciada en España durante o Trienio Liberal (1820-1823) e concluída a mediados da década de 1830, e o proceso de desamortización das súas propiedades a ela asociada, significaron, máis alá das consecuencias económicas e sociais que tiveron, a desaparición práctica destas institucións e o rápido transvase ao Estado dun volume enorme de arquivos, bibliotecas e obxectos de carácter artístico. O proceso de asunción dese patrimonio foi moi azaroso e significou a desaparición dunha porción non pequena, a pesar das medidas tomadas nun primeiro momento. Unha parte foi levada a Madrid, onde finalmente se depositará no Arquivo Histórico Nacional. Outra consérvase nalgúns arquivos históricos provinciais, outra áchase en mans de particulares<sup>14</sup>.

Estes exemplos poñen de relevo a enorme vulnerabilidade do patrimonio documental, suxeito como está aos continuos cambios administrativos e legais, ou simplemente vitais, que sofren as institucións, entidades e persoas que producen e acumulan arquivos. Non é posible que nos estendamos agora noutros casos de arquivos privados (familiares ou de empresas) cuxa historia é significativa desde este punto de vista. Nuns e noutros tamén percibimos a contradición implícita que a mesma idea de patrimonio cultural supón entre o interese da sociedade ao seu goce e o dereito do particular a destinalo ao uso para o que foi creado orixinariamente.

### Propiedade diversa e acceso limitado

Cada institución, entidade ou persoa é propietaria do seu arquivo e exerce sobre el un control directo e soberano. Nestas condicións, exercer o dereito de acceso aos arquivos e ao contido dos documentos de acordo cos principios que establecen as leis do patrimonio cultural e as que rexen o control polos cidadáns das administracións públicas pode chegar a ser moi complicado. Os diferentes dereitos en pugna dan lugar a excepcións no caso dos secretos oficiais, a seguridade e defensa do Estado, a pescuda dos delitos, a intimidade das persoas ou o control sobre os datos persoais.

---

<sup>13</sup>.- GALLEGO DOMÍNGUEZ, Olga. *El archivo del monasterio de Celanova*. Madrid: Ministerio de Cultura, Dirección de Archivos Estatales, 1991, p. 13.

<sup>14</sup>.- Olga Gallego ten estudiado o proceso con respecto aos arquivos dos mosteiros ourensáns de Oseira e Celanova. Véxase: GALLEGO DOMÍNGUEZ, Olga. “La organización de un fondo monacal. El monasterio de Santa María de Oseira (Orense)”, en *Actas do I Congreso Nacional de bibliotecários, arquivistas e documentalistas. Porto, 19 a 21 de Junho de 1985. A Informação en tempo de mudança*. Porto: Associação Portuguesa de Bibliotecários, Arquivistas e Documentalistas, 1985, Vol. II, p. 392.

### *A evolución dos arquivos e do concepto do patrimonio documental*

Na historia dos arquivos, e seguindo a clásica periodización de Robert-Henri Bautier<sup>15</sup>, cómpre falar de catro grandes etapas que se desenvolverían desde a Antigüidade:

A primeira etapa é a da *época dos arquivos de palacio*, que se en liñas xerais coa Antigüidade. A segunda, ou dos *trésors des chartes* (séculos XII-XVI), podémola denominar tamén a do *Tesouro e a arca das tres chaves*. Os documentos, os arquivos son bens patrimoniais na medida en que constitúen os títulos xurídicos que xustifican a existencia dunha institución e permiten a transmisión das cousas que se posúen e se herdan. Isto explica que a custodia do tesouro e do arquivo coincidiran na mesma persoa e que os documentos se conservasen no “tesouro” da institución<sup>16</sup>. Ademais, a xestión do arquivo/patrimonio favorece a creación de rexistros de escrituras que aseguren a súa conservación e organicen o conxunto de acordo cuns criterios determinados. No Arquivo da Catedral de Santiago, só 12 escrituras das 313 anteriores a 1151 (4%) transmitíusenos por unha vía independente dos cartularios medievais e menos dun 2% son verdadeiros orixinais<sup>17</sup>.

Estes caracteres perdurarán ata ben avanzada a Idade Moderna. Ese tesouro de documentos que garanten os dereitos da institución ou do particular será conservado durante moito tempo nunha arca de acceso restrinxido. Nos concellos e noutras institucións públicas, esa arca só pode ser aberta por tres persoas ao mesmo tempo con cadansúa chave. Na reunión da Xunta do Reino de Galicia do ano 1625<sup>18</sup>, acordouse facer unha desta clase para arquivo dos papeis orixinais e un selo coas armas do Reino. Nas *Constitucións capitulares* que o arcebispo Francisco Blanco dá en 1578 á Catedral de Santiago regúlase o arquivo para *la conservación de la hacienda y jurisdicción de esta Iglesia*<sup>19</sup>. Este propósito administrativo de protección dos intereses de cada

---

<sup>15</sup>.- BAUTIER, Robert-Henri. La phase cruciale de l'histoire des archives: la constitution des dépôts d'archives et la naissance de l'archivistique (XVIe-début du XIXe siècle). *Archivum. Revue Internationale des Archives*. Vol. XVIII, 1968. Paris: Presses Universitaires de France, 1970, p. 140

<sup>16</sup>.- BAUTIER, Robert-Henri, op. cit., p. 149. LÓPEZ ALSINA, Fernando. *La ciudad de Santiago de Compostela...*, op. cit., p. 37. James M. O'Toole sinalou que a práctica de custodiar ou depositar os arquivos en igrexas, na proximidade de altares e reliquiarios, non só se debía a cuestións de seguridade, senón que a proximidade de reliquias de santos tamén tiña a súa importancia para outorgar protección simbólica aos documentos. Conf. O'TOOLE, James M. The Symbolic Significance of Archives. *American Archivist*, vol. 56, Spring 1993, p. 237.

<sup>17</sup>.- LÓPEZ ALSINA, Fernando. *La ciudad de Santiago de Compostela...*, op. cit., p. 28

<sup>18</sup>.- EIRAS ROEL, Antonio. Las Juntas del Reino de Galicia: orígenes y proceso de institucionalización. *Obradoiro de Historia Moderna* (4), 1995, p. 172.

<sup>19</sup>.- *GUÍA do Arquivo da Catedral de Santiago*. Santiago de Compostela: Cabildo da Catedral de Santiago de Compostela, 2007, p. 59

institución transfórmasse así, paulatinamente e por obra e graza da tenza e conservación do arquivo, en memoria. As *comunidades legais* deveñen *comunidades de memoria*<sup>20</sup>.

A terceira etapa é a *dos arquivos como arsenal da autoridade* (século XVI-comezos do século XIX). Pódese caracterizar no *poder da escritura e a creación dos grandes arquivos reais*. Xunto co desenvolvemento da actividade privada e das novas institucións nadas na etapa final da Idade Media, a consolidación do poder da Coroa en diversas monarquías da Europa Occidental terá unha gran transcendencia xurídica, económica e social e repercutirá de forma intensa na produción e acumulación de documentos en mans das institucións reais.

Nun mundo no que a tipografía gañaba cada vez máis espazo como medio fundamental de transmisión do saber, producíase ao tempo, de forma paradoxal, unha explosión da escritura manuscrita, cada vez máis reservada, se ben non con exclusividade, para os ámbitos da privacidade (pola maior facilidade de uso e a intimidade que transmitía) e da administración<sup>21</sup>.

O incremento da actividade administrativa (escrita) foi continuo nas institucións civís e relixiosas desde o principio da Idade Moderna. A escritura pasará a ser un dos instrumentos fundamentais nos que se fundamenta o poder<sup>22</sup> e a maxestade do príncipe moderno fronte aos poderes rivais na sociedade estamental: *o mellor camiño polo que podía falar, facerse ouvir e ser visto quen quería ocultarse*<sup>23</sup>. Neste contexto, a creación dos grandes arquivos reais responde á necesidade de acumular documentación para informar ao poder real<sup>24</sup>. Neste proceso, a Coroa de Castela foi pioneira en Europa cando Carlos V fai transferir o seu tesouro de escrituras ao castelo de Simancas en 1545. Máis tarde, Diego de Ayala é nomeado arquivista en 1561 e tras redactar o primeiro inventario recibe o encargo, en 1567 e 1568, de concentrar arredor deste núcleo inicial os documentos dos diferentes consellos e outros órganos de goberno da Coroa<sup>25</sup>.

---

<sup>20</sup>. - KETELAAR, Eric.. *Muniments and...*, op. cit., pp. 347-348.

<sup>21</sup>.- BOUZA ÁLVAREZ, Fernando. *Del escribano a la biblioteca...*, op. cit., p. 37.

<sup>22</sup>.- Ketelaar, citando a Jacques Derrida [Mal de archivo. Madrid: Trotta, cop. 1997], escribe: Non hai poder político sen control do arquivo, se non da memoria. Gobernar a nación-estado depende da creación e o mantemento de rexistros [documentos], tanto para a súa organización interna como para o seu poder disciplinario e de vixilancia. KETELAAR, Eric. *Gestión de registros y poder social*, en McKemmish, Sue et al. , ed. *Archivos: gestión de registros en sociedad*. Cartagena: Ayuntamiento. Concejalía de Cultura; 300 Informática, 2007, p. 381.

<sup>23</sup>.- BOUZA ÁLVAREZ, Fernando. *Del escribano a la biblioteca...*, op. cit., p. 85

<sup>24</sup>.- BOUZA ÁLVAREZ, Fernando. *Del escribano a la biblioteca...*, op. cit., p. 87

<sup>25</sup>. - BAUTIER, Robert-Henri. *La phase cruciale...*, op. cit., p. 141.

A cuarta etapa sería a dos *archivos laboratorios da Historia* (comezos do século XIX- mediados do século XX). Esta etapa correspóndese coa *construcción do estado liberal e a creación dos arquivos nacionais*. Baixo o substrato ideolóxico da Ilustración, que promoveu unha cultura dirixida e controlada polo poder<sup>26</sup>, a creación de arquivos, bibliotecas e museos considérase indispensable como “centros de instrución pública”<sup>27</sup>. A desamortización de bens eclesiásticos produciu unha grande acumulación de patrimonio documental en mans públicas. Neste contexto, a creación do Arquivo, da Biblioteca e do Museo Nacionais representaba a máxima expresión simbólica do edificio nacional que se tentaba edificar, culminando ademais a organización da rede de centros públicos<sup>28</sup>. Un exemplo paradigmático constitúeo a inauguración, en 1896, no madrileño Paseo de Recoletos, do *Palacio de Archivos, Bibliotecas y Museos*, onde se instalaron o Arquivo, a Biblioteca e o Museo nacionais.

Por fin, unha quinta etapa, iniciada a mediados do século XX e que durará ata o fin do século aproximadamente, pódese caracterizar como de *formación e administración de sistemas de arquivo*. Segundo Bautier, nesta etapa os profesionais dos arquivos tratan de harmonizar as dúas vocacións da profesión: o servizo da historia e da administración e de responder á vez as súas dúas finalidades: conservación dos materiais documentais e explotación integral dos materiais así conservados<sup>29</sup>.

Na actualidade, e desde os anos da década de 1990, asistimos ao rápido desenvolvemento da administración e dos documentos e arquivos electrónicos, o que sumado aos cambios materiais xa producidos na etapa anterior (crecemento exponencial da produción documental das administracións públicas) e conceptuais que afectaron desde comezos do século XX ao patrimonio documental, formula novos retos que só é posible abordar, na era das tecnoloxías da información e da comunicación, mediante estratexias baseadas en sistemas e redes de arquivos que traballen en cooperación.

---

<sup>26</sup>.- VARELA OROL, Concepción. *La Biblioteca Universitaria de Santiago, 1768-1835*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela, s.a., p. 46.

<sup>27</sup>.- Arquivos, bibliotecas e museos cítanse de forma expresa, xunto coas academias, como dependencias do ramo da instrución pública da Administración na Lei Moyano de Instrucción Pública de 1857. Tamén na Francia revolucionaria, a recuperación do patrimonio (é dicir, a apropiación social que, tras unha primeira fase de vandalismo e destrución, se realizará a través da estatización) *é realizada a través da peneira da instrución pública*. Así, *a conservación dos bens nacionais debe conducir á rexeneración do corpo político e á ensinanza da liberdade*. Véxase: LENIAUD, Jean-Michel. *Les archipels du passé: Le patrimoine et son histoire*. S.l.: Fayard, cop. 2002, p. 102

<sup>28</sup>.- GARCÍA EJARQUE, Luis. Biblioteca Nacional de España. Boletín de ANABAD, XLII (1992), 3-4, p. 210.

<sup>29</sup>.- BAUTIER, Robert-Henri. La phase cruciais..., op.cit., p. 149.

## O Arquivo de Galicia e o Sistema de Arquivos de Galicia

Como todo sistema de arquivos, o Sistema de Arquivos de Galicia, mencionado na Lei do Patrimonio Cultural de Galicia (artigo 80?) de 1995 e establecido como tal con anterioridade, no Decreto 307/1989, polo que se regula o sistema de arquivos e o patrimonio documental de Galicia, é unha estrutura legal e administrativa que ten como finalidade facilitar o desenvolvemento das actividades das Administracións Públicas a través do que hoxe se coñece internacionalmente como *xestión documental*, asegurar a conservación do patrimonio documental e permitir o acceso dos cidadáns aos documentos e á información que neles se contén de acordo coa lexislación vixente.

O marco legal que establecen as normas mencionadas e outras que teñen que ver co traspaso das competencias do Estado á Comunidade Autónoma en materia de cultura, primeiro, e en arquivos, bibliotecas e museos, despois, permite un funcionamento mínimo do Sistema, pero é insuficiente desde a perspectiva de hoxe<sup>30</sup>. Existe, xa que logo, a necesidade obxectiva dunha lei de arquivos e de documentos para Galicia

En canto á organización do Sistema, cómpre sinalar a existencia dun órgano de dirección e coordinación na Xunta de Galicia, que é a actual Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos da Consellería de Cultura e Turismo. Dela depende a Subdirección Xeral de Arquivos, que ten adscrita ademais a dirección técnica do Arquivo de Galicia. Este feito é transcendente en tanto en canto a creación do Arquivo de Galicia supuxo, por primeira vez na historia da Comunidade Autónoma, elevar o rango xerárquico da Administración de arquivos ao nivel que posúe no Estado ou noutras comunidades autónoma.

No que atinxe á organización dos arquivos que dependen directamente da Xunta de Galicia, é dicir, do Sistema ou Subsistema de arquivos da Xunta, distínguese un nivel territorial e un central.

O primeiro está constituído polos arquivos históricos provinciais (intermedios e históricos) de Lugo, Ourense e Pontevedra e o Arquivo do Reino de Galicia (que cumpre idéntico papel na provincia da Coruña con respecto á produción documental das administracións periféricas do Estado e da Xunta de Galicia), de titularidade estatal e xestión transferida á Comunidade Autónoma, e os arquivos territoriais (centrais) dos edificios administrativos da Xunta construídos recentemente en Lugo, Pontevedra e Vigo.

---

<sup>30</sup> .- Estas normas xa foron analizadas por profesionais de Galicia en diferentes traballos. A eles nos remitimos. O máis recente é o publicado na obra colectiva *Los archivos españoles en el siglo XX*. Conf. CASCUDO RASILLA, Alfonso. “Políticas y archivos autonómicos. Galicia”, en MARTÍNEZ GARCÍA, Luis, RODRÍGUEZ BARREDO, Julia M<sup>a</sup> (coord.). *Los archivos españoles en el siglo XX: políticas archivísticas en el Estado de las autonomías*. Madrid: ANABAD, 2009, pp. 271-291. Para traballos anteriores, pode verse, entre outros: QUIROGA BARRO, Gabriel. “Evolución de la normativa en materia de archivos en Galicia: 1981-1995”, en *Archivos, bibliotecas, centros de documentación y museos en el Estado de las Autonomías: actas del VI Congreso de ANABAD*. [Murcia, 26, 27 y 28 de junio de 1996, Auditorio y Centro de Congresos]– Murcia : ANABAD-Murcia; Consejería de Cultura y Educación, 1997, pp. 71-78

O segundo articúlase arredor dos arquivos centrais das consellerías da Xunta, ate o momento constituído por dous únicos arquivos, o de Cultura e Turismo e Traballo e Benestar (se ben a Consellería de Economía e Industria contrata a xestión do seu mediante unha empresa), cuxo papel é vital desde un punto de vista teórico para controlar a xestión documental dos órganos produtores; e do Arquivo de Galicia que, con carácter intermedio e histórico, como se dixo máis arriba, culmina a organización do Sistema para a Administración de Galicia e para todo o patrimonio documental de Galicia. A súa creación debe verse, pois, como unha oportunidade histórica para comezar a solucionar os problemas que identificabamos mais arriba.

### **Estratexias e liñas de actuación**

O Plan director do Arquivo de Galicia estableceu dez obxectivos estratéxicos en relación coa dobre función do Arquivo como centro de referencia do Sistema de Arquivos e como arquivo histórico de Galicia. Máis arriba xa indiquei cales foron as principais liñas de traballo iniciadas durante os primeiros dous anos de funcionamento do centro para desenvolver os obxectivos enunciados. Sen entrar a detallar estes obxectivos, agora mencionarei outras que non teñen menor importancia.

1. Normas legislativas e regulamentarias para o desenvolvemento do Sistema de Arquivos. Tense iniciado a tramitación administrativa ou a revisión técnica das seguintes.
  - Lei de arquivos e documentos
  - Decreto polo que se crea a Comisión de Avaliación Documental de Galicia e se regula o procedemento de avaliación e selección de documentos.
  - Decreto polo que se establecen os prezos públicos a percibir nos arquivos propios ou xestionados pola Xunta de Galicia

Todos estes proxectos foron desenvolvidos coa participación de diferentes arquivistas de Galicia reunidos no *Grupo de Traballo de Arquivistas de Galicia*.

2. Normas técnicas para o desenvolvemento do Sistema de Arquivos.
  - Orde de 30 de agosto de 2010 pola que se establecen as normas que regulan as transferencias documentais con destino aos arquivos dependentes da Xunta de Galicia (DOG N° 174, do 9 de setembro).
  - Orde do 31 de agosto de 2010 pola que se regulan a consulta e reprodución de documentos nos arquivos propios e xestionados pola Xunta de Galicia (DOG n° 175 do 10 de setembro)
  - Orde do 1 de setembro de 2010 pola que se regulan os préstamos documentais entre os arquivos propios e xestionados pola Comunidade Autónoma e as oficinas da Xunta de Galicia (DOG n° 174 do 9 de setembro).

Está previsto completar este conxunto durante este ano e o vindeiro con outras disposicións do mesmo rango que regulen a *Manipulación de documentos físicos por parte do persoal e dos usuarios e das usuarias nos arquivos propios e xestionados pola*



*Xunta de Galicia*, e delimiten e concreten as funcións das diferentes categorías de persoal nos arquivos propios e xestionados.

3. Plan de identificación e avaliación de series documentais da Xunta de Galicia. É complementario do proxecto de regulamento polo que se crea a Comisión de Avaliación Documental de Galicia. Abordado inicialmente mediante a contratación específica dunha empresa de servizos, constitúe o segundo nivel de coñecemento e tratamento arquivístico dos documentos da Xunta de Galicia. Delimitados e coñecidos o seu volume e localización, coñecidos os órganos produtores e os ámbitos de competencia que constitúen o seu contexto, é necesario analizar polo miúdo cada procedemento administrativo e examinar os caracteres dos expedientes en que se materializan para asegurar a conservación dese contexto e da súa autenticidade e integridade. Da mesma forma, esta análise será a chave que permita avaliar e seleccionar os documentos para determinar os que deben ser conservados de forma indefinida no Arquivo de Galicia e cales poden ser eliminados tras perder a súa caducidade administrativa. Este plan comezou a fins de 2010 e se prolongará durante o presente ano e os seguintes. Inicialmente estase a traballar con 365 series/procedementos de todas as Consellerías e outras 80 da Consellería de Cultura e Turismo.

4. Plan de dixitalización do patrimonio documental de Galicia. Aspira, en primeiro lugar, á reprodución dos fondos documentais dos arquivos propios ou xestionados, así como dos custodiados en arquivos de interese de Galicia e fóra dela. Este plan esixirá un grande esforzo orzamentario dada a extraordinaria extensión que ten o patrimonio documental, a necesidade de asegurar con antelación ou de forma simultánea a descrición de cada documento dixitalizado e as rigorosas esixencias técnicas que impón o cumprimento das normas internacionais na materia. Ate o momento non ten acadado un gran desenvolvemento.

5. Plan de recuperación do patrimonio documental de orixe privada. Pretende fomentar a doazón e o depósito, en réxime de comodato, de fondos documentais de orixe privada no Arquivo. Ate o momento, recibíronse por doazón os arquivos do avogado compostelán Clemente González Peón e da familia santiaguesa Vilariño Pintos. Asemade, grazas á colaboración do Museo do Mar de Galicia, o Arquivo custodia xa dous arquivos de empresa: o de Casa Mar de Vigo e o da factoría Massó de Avilés.

## **Conclusión**

Como se dixo máis arriba, a creación e posta en marcha do Arquivo de Galicia, vella aspiración de Olga Gallego en concreto e, en xeral, de profesionais que puxeron as bases conceptuais do Sistema de Arquivos de Galicia, debe contemplarse como unha oportunidade histórica para o establecemento real e operativo dese sistema e a protección integral do patrimonio documental de Galicia.

A creación e o desenvolvemento deste arquivo non debe facerse a costa dos demais. A Administración de Galicia identifica en boa medida á propia Comunidade Autónoma e ás súas institucións de autogoberno. Xa conta, pois, coa base necesaria para construír a

súa memoria, que é ou debería ser memoria de todos os galegos e galegas. Por tanto, non é necesario que o Arquivo de Galicia inicie un proceso masivo de traslado de fondos documentais desde outros arquivos ou institucións: non tería sentido, no século XXI, construír a memoria a cambio de despozar a outros e a outras da súa. Pola contra, trátase de integrar esas diferentes memorias e integralas nun sistema. Un sistema que favoreza a formación dunha rede de creación e coñecemento constante desa memoria global que compartimos e que aspiramos a seguir construíndo.

Neste empeño, as e os profesionais da arquivística de Galicia enfrontámonos a retos e dificultades non menores. Fago votos para que sigamos a contar coa suficiente enerxía para logralo, coa mesma forza, polo menos, da que Olga Gallego gozou ate o final dos seus días.

-----

Este relatorio é unha adaptación doutros dous: un foi presentado no ano 2009 nas 1<sup>as</sup> Xornadas de Arquivos Municipais do Eixo Atlántico. Memoria, Patrimonio, Coñecemento, celebradas en Vilanova de Gaia, Portugal, o 30 de xuño de 2009, que vai ser publicado no próximo número da revista *Nalgures* baixo o título: O patrimonio documental de Galicia: da arca do tesouro ao Sistema de Arquivos; o outro constituíu a miña contribución ás IV Xornadas Técnicas de Archivos Portuarios, celebradas na Coruña os días 11 e 12 de novembro de 2009. Publicado en formato electrónico no presente ano, leva por título: Bases para la implantación de un sistema de gestión documental: el Archivo de Galicia y el Sistema de Archivos de la Comunidad Autónoma.

## Referencias:

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE OURENSE. Mosteiro de Montederramo, Libro 409, f. 8v.

BAUTIER, Robert-Henri. La phase cruciale de l'histoire des archives: la constitution des dépôts d'archives et la naissance de l'archivistique (XVIe-début du XIXe siècle). *Archivum. Revue Internationale des Archives*. Vol. XVIII, 1968. Paris: Presses Universitaires de France, 1970

BEARMAN, David. Diplomats, Weberian Burocracy and the Management of Electronic Records in Europe and America. *Archives & Social Studies: A Journal of Interdisciplinary Research*, Vol. 2, n° 1 (March 2008), pp. 13-39.

BOUZA, Fernando. *Del escribano a la biblioteca. La civilización escrita europea en la alta Edad Moderna (siglos XV-XVII)*. Madrid: Síntesis, 1992

CASCUDO RASILLA, Alfonso. "Políticas y archivos autonómicos. Galica", en MARTÍNEZ GARCÍA, Luis, RODRÍGUEZ BARREDO, Julia M<sup>a</sup> (coord.). *Los archivos españoles en el siglo XX: políticas archivísticas en el Estado de las autonomías*. Madrid: ANABAD, 2009, pp. 271-291

EIRAS ROEL, Antonio. Las Juntas del Reino de Galicia: orígenes y proceso de institucionalización. *Obradoiro de Historia Moderna* (4), 1995

GALLEGO DOMÍNGUEZ, Olga. “La organización de un fondo monacal. El monasterio de Santa María de Oseira (Orense)”, en *Actas do I Congreso Nacional de bibliotecários, arquivistas e documentalistas. Porto, 19 a 21 de Junho de 1985. A Informação en tempo de mudana*. Porto: Associação Portuguesa de Bibliotecários, Arquivistas e Documentalistas, 1985, Vol. II,

GALLEGO DOMÍNGUEZ, Olga. *El archivo del monasterio de Celanova*. Madrid: Ministerio de Cultura, Dirección de Archivos Estatales, 1991

GARCÍA EJARQUE, Luis. Biblioteca Nacional de España. Boletín de ANABAD, XLII (1992), 3-4,

*GUÍA do Arquivo da Catedral de Santiago*. Santiago de Compostela: Cabildo da Catedral de Santiago de Compostela, 2007

KETELAAR, Eric. Muniments and Monuments: the dawn of archives as cultural patrimony. *Archival Science* (2007) 7, pp. 343-357

KETELAAR, Eric. Gestión de registros y poder social, en McKemmish, Sue et al. , ed. *Archivos: gestión de registros en sociedad*. Cartagena: Ayuntamiento. Concejalía de Cultura; 300 Informática, 2007

LENIAUD, Jean-Michel. *Les archipels du passé: Le patrimoine et son histoire*. S.l.: Fayard, cop. 2002

LÓPEZ ALSINA, Fernando. *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*. Santiago de Compostela: Ayuntamiento, Centro de Estudios Jacobeos, Museo Nacional de las Peregrinaciones, 1988

QUIROGA BARRO, Gabriel. “Evolución de la normativa en materia de archivos en Galicia: 1981-1995”, en *Archivos, bibliotecas, centros de documentación y museos en el Estado de las Autonomías: actas del VI Congreso de ANABAD*. [Murcia, 26, 27 y 28 de junio de 1996, Auditorio y Centro de Congresos]– Murcia : ANABAD-Murcia; Consejería de Cultura y Educación, 1997, pp. 71-78

*Real Audiencia de Galicia. Catálogo de preitos e expedientes de mosteiros*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2007

RIEGL, Alois. *El culto moderno de los monumentos, su carácter y sus orígenes*. Sevilla: Junta de Andalucía, Consejería de Cultura, 2007

SÁEZ, Carlos; GONZÁLEZ DE LA PEÑA, M<sup>a</sup> del Val. *La Coruña. Fondo antiguo (788-1065).I*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá, Servicio de Publicaciones, 2003

VARELA OROL, Concepción. *La Biblioteca Universitaria de Santiago, 1768-1835*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela, s.a

QUIROGA BARRO, Gabriel: “O Arquivo de Galicia e o sistema de arquivos da Comunidade Autónoma”. Relatorio presentado na xornada *Mulleres e historia*. Olga Gallego Domínguez organizada pola Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega, 27 de outubro de 2011